



Guía Docente

Datos Identificativos					2024/25
Asignatura (*)	Economía Circular	Código	730554007		
Titulación					
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	1.5	
Idioma	Castelán				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Economía				
Coordinación	Barreiro Gen, María	Correo electrónico	maria.gen@udc.es		
Profesorado	Barreiro Gen, María	Correo electrónico	maria.gen@udc.es		
Web					
Descrición xeral	A materia de Economía Circular ofrece unha visión xeral desta disciplina, na que se introducen os conceptos fundamentais relacionados coa mesma, os modelos de negocio e a súa adaptación á industria téxtil. Esta materia está aliñada co Obxectivo de Desenvolvemento Sostible número 12 (ODS12), Produción e Consumo Responsables, incluído na Axenda 2030 das Nacións Unidas.				

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
--------	-------------------------------------

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
COMP-01 - Resolver problemas con iniciativa e tomar decisións, con creatividade e razoamento crítico.	AI1		
CON-06 - Identificar as tecnoloxías ambientais e de sustentabilidade no ámbito do deseño e tecnoloxía téxtil.	AI12		
CON-08 - Recoñecer os problemas ambientais relacionados coa industria téxtil e as tecnoloxías e sistemas de xestión ambiental dispoñibles para afrontalos na liña do recolleito nos ODS.	AI14		
CON-09 - Interpretar a lexislación e normativa no ámbito téxtil.	AI15		
HAB-04 - Empregar criterios ambientais e de sustentabilidade no uso de materias primas.	AI20		

Contidos

Temas	Subtemas
Tema 1: Introducción á Economía Circular	1.1. Crecemento económico e sustentabilidade 1.2. A economía circular como novo paradigma de sustentabilidade
Tema 2: Modelos de negocio circulares	2.1 Boas prácticas da Economía Circular
Tema 3: Economía circular na industria téxtil	3.1 Dos modelos económicos tradicionais aos modelos de Economía Circular 3.2 Píares da circularidade na industria téxtil

Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Seminario	A1 A15 A20	3	6	9
Traballos tutelados	A1 A13	2	6	8
Sesión maxistral	A12 A14 A15 A20	5.5	10	15.5
Atención personalizada		5	0	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado



Metodoloxías

Metodoloxías	Descrición
Seminario	Realizaranse diferentes actividades que requiran a participación activa do alumnado e, no seu caso, unha preparación previa por parte deste. Avaliarase a capacidade de análise e razoamento do alumnado, afondando nos contidos da materia, así como a asistencia e participación en conferencias de expertos cando sexa posible.
Traballos tutelados	O alumnado realizará un traballo guiado polo profesorado para avaliar a asimilación dos conceptos estudados e a súa capacidade para presentalos de forma clara e ordenada.
Sesión maxistral	Utilizarase un método expositivo co o fin de facilitar ao alumnado unha información adecuada sobre os coñecementos fundamentais relacionados cos diferentes temas.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	O alumnado que teña dúbidas sobre a elaboración dos traballos dirixidos será atendido individualmente. Tamén poderá resolver as súas dúbidas cos temas dos exercicios prácticos realizados nos seminarios en titorías presenciais (cando sexa posible), por correo electrónico ou por videoconferencia (Teams). As titorías presenciais ou por videoconferencia realizaranse con cita previa.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Seminario	A1 A15 A20	Actividades realizadas ao longo do curso, como, por exemplo, a participación nas clases e as actividades prácticas presentadas polo alumnado.	50
Traballos tutelados	A1 A13	Traballos para avaliar a asimilación dos conceptos estudados e a súa capacidade para presentalos de forma clara e ordenada	50

Observacións avaliación

Na

primeira convocatoria, a nota final da materia resultará da suma ponderada da nota obtida nas diferentes actividades de avaliación continua, que suporá un 50% da nota final e a nota obtida no traballo tutelado, que valerá o 50% restante da nota final. A avaliación continua inclúe a asistencia tanto ás clases teóricas como ás clases prácticas, a participación activa nestas e a nota das actividades que se realizan ao longo do curso.

Na segunda convocatoria, a nota final da materia calcularase do mesmo xeito que na primeira, con excepción dos alumnos que renuncien á avaliación continua. Neste caso, así coma na oportunidade adiantada e para o alumnado con dispensa académica, a cualificación final da materia resultará da cualificación dun traballo final, que se entregará no prazo establecido.

Para

aprobar a asignatura é necesario obter un mínimo de 5 puntos sobre 10 na calificación final.

Todos os aspectos normativos relacionados con ?dispensa académica?, ?dedicación ao estudo?

, ?permanencia? e ?fraude

académica? rexeranse de acordo coa normativa académica vixente da

UDC e da EPEF.

Fontes de información



Bibliografía básica	Comisión Europea (2020). Nuevo Plan de acción para la economía circular por una Europa más limpia y más competitiva. https://eur-lex.europa.eu/resource.html?uri=cellar:9903b325-6388-11ea-b735-01aa75ed71a1.0018.02/DOC_1&format=PDF Henzen, Rozanne & Weenk, Ed (2022). Economía circular: un enfoque práctico para transformar los modelos empresariales. Marge Books: Barcelona.
Bibliografía complementaria	Jiménez Herrero, L.M. & Pérez Lagüela, E. (coordinadores) (2019). Economía Circular-Espiral. Transición hacia un metabolismo económico cerrado. Editorial Ecobook: Madrid. Lozano, R. (2022). Toward Sustainable Organisations. A Holistic Perspective on Implementation Efforts. Strategies for Sustainability. Springer International Publishing: Cham. https://link.springer.com/book/10.1007/978-3-030-99676-5 Ellen Mac Arthur Foundation website Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico website Bibliografía comentada composta por informes, guías, artigos científicos, entre outros.

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

1.- A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia:1.1. Solicitarase en formato virtual e/ou soporte informático.1.2. Realizarase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos1.3. De se realizar en papel:

- Non se empregarán plásticos.
- Realizaranse impresións a dobre cara.
- Empregarase papel reciclado.
- Evitarase a impresión de borradores.

2.- Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural.3.- Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sostenibilidade nos comportamentos persoais e profesionais.4.- Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas, e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.5. Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas.6. Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías